

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2011/16

CARACTER:

EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 29 de decembro de 2011

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dez horas e sete minutos do día **29 de decembro de 2011** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

Dona María Teresa González Piñeiroa

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés

D^a Azucena González Loredó.

D^a María del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Xavier Campos López.(BNG)

D.José Manuel Yañez Dablanca (PP)

Secretario acctal:

D. Fidel Maañón López.

Interventor acctal:

D. José Vázquez Cupeiro.

Técnico de Admon. Xeral.

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2011.01.107.- RECLAMACIÓNS FORMULADAS Á ORDENANZA FISCALNUM. T6 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA QUE DERROGA E SUBSTITÚE Á ACTUALMENTE EN VIGOR.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Obran no expediente reclamacións formuladas contra a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal T 6, unha de ACISA outra dun particular e outra dunha Asociación de veciños, A Atalaia.

Consta igualmente o informe da Intervención municipal donde nalgunha das partes técnicas se razoa para a non estimación e outras partes das reclamacións dí que non son competencia técnica senon mais ben do xogo político.

Refírese a unha cuestión que plantexa ACISA de que se pechen as terrazas co local, que non lles parece ben pero sí dar un pouco mais de tempo do proposto inicialmente, para ver como se desenvolve.

O informe recoñece que hai unha serie de aprazamentos previstos na Lei Xeral Tributaria e respecto a outras cuestións o informe sinala que non ha lugar a estimar e tamén hai unha petición de pór terrazas en espazos de aparcamento que dí non lles pareceu razoable por perigoso, aínda que lles gustaría aceptalo, pero de momento entenden que non. Consultouse coa Policía Local e quizás para o futuro podería estudiarse.

Respecto á cuestión dos horarios das terrazas queren aceptar algo, non así respecto da limpeza que entenden deben ser os propios concesionarios os encargados da mesma.

Sinala tamén que na reclamación se fala dunha serie de persoas ambulantes que se poñen en diversas rúas principalmente en Rodríguez Murías e S.Francisco, indicando a Interventora no seu informe que non é materia desta Ordenanza e sulñando o Alcalde que se deberá estudar.

No resto de alegacións o equipo de goberno non están de acordo e concordan totalmente co texto da Ordenanza.

En concreto con relación ao art. 13.1 da Ordenanza e reclamación de ACISA sobre o réxime de funcionamento das terrazas ligado ao de apertura do local, a súa proposta é de ampliación de media hora mais para laborales e festivos, en vez de as 12,30 ata a 1 da mañá; e os venres, sábados e vísperas de festivos en vez de ás 1,30 h. ás 2 da mañá.

A terceira liña, durante os meses de verán quedaría como está, cunha ampliación pero sobre estes horarios novos que agora se propoñen.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifesta que se vai reservar para o Pleno o que se contabilizará como abstención.

Por parte do Grupo Municipal Popular a Concelleira Sra. Loreda González manifesta que anunciando que van intentar manter o mesmo criterio anterior da aprobación inicial, se van a reservar tamén para o Pleno, o que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro do PSG-PSOE do Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A desestimación das alegacións formuladas por ACISA, don José Luis López-Braña Freije e por parte da Asociación de Veciños a Atalaia, de conformidade co informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto de conformidade eco disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, agás a aceptación, respecto da reclamación de ACISA de modificación do artigo 13.1 da Ordenanza sobre o réxime de funcionamento das terrazas ligado ao de apertura do local, que será cunha ampliación de media hora mais para días laborales e festivos, en vez de 12,30 ata a 1 da mañá e os venres, sábados e vísperas de festivos en vez de 1,30 h. ás 2 da mañá. A terceira liña deste artigo, durante os meses de verán, quedaría como está, cunha ampliación de media hora pero sobre estes horarios novos que agora se propoñen.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 nos seus propios termos, coa modificación sinalada anteriormente, efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

Durante a deliberación e votación deste asunto a Concelleira dona M^a del Campo López-Braña Freije, do Grupo Popular, de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, abstívose por razóns de parentesco cun dos reclamantes a esta Ordenanza."

Comeza o turno de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PsdG-PSOE do Grupo Mixto que manifesta que dende que se aprobaron as ordenanzas votou en contra e isa é a súa postura, sen entrar en materia unha por unha, senón como un rexeitamento global a una determinada política. Considera que ao ser reclamacións van consideradas en conxunto.

Respecto á reclamación de ACISA di que pode estar de acordo en algúns aspectos e noutros non, como en algunhas consideracións de tipo político, claramente contradictorias coa súa postura política, por exemplo a que califica como boa labor, en canto que o goberno municipal xa ten resolto o problema dos aparcamentos, entón polo que respecta a esta alegación manifesta

que se vai abster. Supón que cabe pronunciarse por cada una delas, xa que son distintas. Respecto das outras dúas, aínda que os informes de intervención son bastante explicativos e categóricos acerca da procedencia ou non, di que con apoio de tipo moral e congruencia de tipo político podería votar a favor desas outras dúas respecto do primeiro punto.

Continúa o turno de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI do grupo Mixto, que manifesta que gardará o mesmo criterio que cando se dictaron estas ordenanzas, xa que está de acordo con dúas destas reclamacións, pero non coa de ACISA, xa que “mezcla churras e merinas”, e pensa que hai unhas declaracións un tanto contundentes por un particular e por unha asociación que entra en temas políticos e non debería, por elo vaise manter ao marxe na de ACISA, mentras que nas outras dúas votará a favor.

Continúa o turno de intervencións a Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, que manifesta que como xa dixo na comisión, manterá como base as consideracións que fixeron no momento da aprobación inicial da ordenanza e reitera que sempre van co tempo xusto. Di que para a denegación das alegacións aluden ao informe de Intervención, pero o seu grupo deduce que hai moita parte técnica onde se amosa con certa contundencia e non van discutir a parte técnica, pero que o propio informe di que hai moita parte política ou de oportunidade na ordenanza das terrazas.

Quere dicir que está feita a espaldas do sector, polo que non consideran que as cousas se deban facer así, xa que a hostalaría é un sector moi importante neste concello e, están de acordo con regular o tema das terrazas, porque non lles parece lóxico que se utilicen as beirarrúas como o patio do propietario, pero cre que deberían facer unha regulación, e unha subida do 333% parécelles una aberración. Ven un afán recadatorio detrás disto, cren que debería ser consensuado co sector e someterse a un proceso máis longo, polo que en xeral están de acordo. No caso de ACISA están de acordo en aspectos concretos e noutras na filosofía xeral, xa que os gastos do concello os pagan os veciños e trátase de xestionar e racionalizar, polo tanto votarán a favor das tres alegacións presentadas e en contra da postura que se presenta dende o goberno para aprobación definitiva.

O Sr. Alcalde explica que o groso do debate foi no pleno de aprobación inicial e agora non se trata de expoñer todos os argumentos de novo, agás na ampliación do horario de peche das terrazas, polo demais manteñen a súa postura inicial, para intentar xestionar e racionalizar. Anuncia que non van entrar en consideracións doutro tipo, non pretenden nin pretendieron regular a espaldas de ninguén, se non á vista de todo o público, xa que quen quixo tuvo tempo para facer as alegacións oportunas, nas cuestións técnicas sométense ao que din as cuestións técnicas, e nas que trascenden son cuestións de oportunidade. Di que que os incrementos sexan moitos ou poucos depende de como se mire, xa que pasar de un euro a dous constitúe un 100%, mentras que de un euro a tres é un 200%, pero hai que ver en canto estaba, e se era ridículo ou era máis propio de Mozambique que de Ribadeo, polo que había que actualízalo.

O Sr. Alcalde informa que se vai votar o ditame.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto considera que ao mellor na comisión había que someter a votación ou consideración unha por unha con votos particulares. Cre que non se poden meter no mesmo saco xa que son tres asuntos diferentes, con argumentacións diferentes.

O Secretario Accidental, intervén a instancia da Alcaldía e explica que ven como un punto da orde do día, cun informe único da Interventora.

O Sr. Gutiérrez Fernández asegura que a Interventora ten tres informes diferentes, un para cada una das alegacións.

Por Secretaría se explica que agora está así e, de todas maneiras, segundo o artigo 97 do R.O.F. para facer propostas de modificación de ditames de comisión hai que acompañar a proposta de modificación dende o mesmo día do ditame da comisión, polo que entende que debería facerse a proposta de modificación do ditame no momento e dá lectura literal ao que dí o Regulamento de Organización neste punto: "Voto particular es la propuesta de modificación de un dictamen formulada por un miembro que forma parte de la comisión informativa y que deberá acompañar al dictamen desde el día siguiente a su aprobación por la comisión".

O Sr. Gutiérrez Fernández quere que conste que non é procedente ningún voto particular, que é unha cuestión que está viciada de raíz e quen ordea o debate fai as propostas ou proposicións. Considera que cada unha desas reclamacións é unha reclamación diferente, e sobre cada unha delas hai un informe técnico diferente, de modo que o que procede é que se sometan a votación unha por unha, en todo caso cre que non é procedente ningún voto particular, que haberá un defecto inicial de meter no mesmo saco de votación cousas que son diferentes.

A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, manifesta que están de acordo, entenden que cada alegación ten que ter unha resposta diferente.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, opina que se pode considerar a postura de comisión independente, o que pasa que hai un ditame de comisión, pero se non sería como se se votara individualmente en cada un dos casos, aínda que non é así o ditame que figura na acta.

A Sra. González Loredó cre que se poden facer os dous votos e que consten en acta.

O Sr. Reymóndez Gancedo puntualiza que hai tres informes diferentes por parte do técnico.

O Sr. Alcalde informa que non quere agriar ningún debate nin quere entrar nunha polémica técnica. Explica que en ocasións, sendo oposición e sendo goberno, una vez quixo plantexar unha cousa e dixerónlle que naquel momento do plantexamento nunha comisión informativa o puido ter feito e non o fixo, se un non era membro da Comisión Informativa podía facelo no momento de iniciar o pleno, e él levaba preparado un argumentario que non se lle estimou e non houbo lugar a entrar. Explica igualmente que neste caso o ditame é único para todo, que ven dunha comisión informativa onde a oposición se abstivo, polo que tecnicamente non se pode cambiar, pensa que é a enmenda o que se pode presentar ao inicio do pleno. Considera que a unidade do acto ven así dende a comisión informativa.

O Sr. Gutiérrez Fernández considera que ven mal dende o principio, e a quen lle corresponde é a quen fai a proposta.

O Sr. Alcalde explica que ao reservarse para o pleno sempre se computa como unha abstención.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, puntualiza que se computa como abstención dende que chegou o anterior secretario, xa que antes era unha reserva para o pleno.

O Sr. Alcalde di que só hai tres posibilidades: sí, non ou abstención, non hai una cuarta possibilidade.

A Sra. González Loreda propón ser prácticos e facer a dobre votación.

O Sr. Alcalde di que non pode desdobrar unha proposta única, pero que poden motivar o que votarían.

O Sr. Castro Reigosa informa que xa está motivado na exposición e na intervención de cada un dos grupos.

A Sra. González Loreda, do grupo municipal do PP, manifesta a súa intención de votar favorablemente nas tres alegacións, é dicir, en contra do ditame.

O Sr. Castro Reigosa considera que por unha cuestión de orde, para vindeiros plenos e comisións se faga esta contemplación.

O Sr. Valín Valdés considera que o propio alcalde que é o que fai a orde do día pode ter en conta isto.

O Sr. Alcalde manifesta que sempre houbo multitude de asuntos que levaban varias alegacións e non recorda ningunha na que houbera un punto diferente.

A Sra. González Loreda reitera que están a favor da estimación das tres alegacións, e polo tanto en contra do ditame que di que as desestima.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, explica que dada a incompatibilidade abstense na primeira das alegacións.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto manifesta que se abstén na alegación relativa a ACISA e está a favor das demais, polo tanto en contra do ditame.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, manifesta que está en contra do ditame, coa salvidade da alegación de ACISA, na que se abstería.

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno vota a favor do ditame que desestima as alegacións, agás unha á que lle fai una pequena modificación.

A Corporación, por 6 votos a favor (dos membros presentes do Grupo municipal do BNG) e 5 en contra (dos membros presentes do Grupo municipal Popular e dos Concelleiros do PSG-PSOE e UPRI, do Grupo Mixto), que formulan a explicación de voto no senso recollido na fase de deliberación deste acordo, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A desestimación das alegacións formuladas por ACISA, don José Luis López-Braña Freije e por parte da Asociación de Veciños a Atalaia, de conformidade co informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto de conformidade eco disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, agás a aceptación, respecto da reclamación de ACISA de modificación do artigo 13.1 da Ordenanza sobre o réxime de funcionamento das terrazas ligado ao de apertura do local, que será cunha ampliación de media hora mais para días laborales e festivos, en vez de 12,30 ata a 1 da mañá e os venres, sábados e vísperas de festivos en vez de 1,30 h. ás 2 da mañá. A terceira liña deste artigo, durante os meses de verán, quedaría como está, cunha ampliación de media hora pero sobre estes horarios novos que agora se propoñen.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 nos seus propios termos, coa modificación sinalada anteriormente, efectuándose a publicación definitiva conforme ao legalmente establecido.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

2011.02.108.-RECLAMACIÓN FORMULADA Á ORDENANZA FISCAL T2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CONSISTENTE NA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ENTULLOS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“O Sr. Alcalde dí que hai unha alegación da Asociación de veciños a Atalaia así como un informe da Intervención que é contrario á estimación do alegado propoñéndose polo tanto a desestimación da mesma e a aprobación definitiva da Ordenanza tal e como está.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifesta que se vai reservar para o Pleno o que se contabilizará como abstención.

Por parte do Grupo Municipal Popular a Concelleira Sra. Loreda González manifesta que se van a reservar tamén para o Pleno, o que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro do PSG-PSOE do Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A desestimación da alegación formulada pola Asociación de Veciños a Atalaia, segundo o informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 de aprobación desta Ordenanza nos seus propios termos.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Comeza o turno de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que pensa que aínda que a argumentación neste caso non é moi pertinente, como apoio moral, manifesta que vai votar a favor da reclamación, por ser a máis frouxa dende o punto de vista técnico, pero como se trata de cuestións de tipo político, votará a favor da reclamación. Continúa o turno de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que seguirá o criterio que tivo no seu día no pleno, polo que vai votar a favor da reclamación.

Intervén de seguido a Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, que manifesta que, sendo conscientes de que está tecnicamente rexeitada polo informe de Intervención, están de acordo co fondo, onde se ven a dicir que hai de onde cortar sen adicarse a subir as taxas. E por ese acordo que teñen coa Asociación A Atalaia van votar a favor da alegación.

O Sr. Alcalde explica que os argumentos que deron no seu día son os que volven a poñer encima da mesa, polo que desestiman as alegacións á ordenanza T2, en función dos informes técnicos e demais consideracións que se expuxeron.

A Corporación, por 6 votos a favor (dos membros presentes do Grupo municipal do BNG) e 5 en contra (dos membros presentes do Grupo municipal Popular e dos Concelleiros do PSG-PSOE e UPRI, do Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A desestimación da alegación formulada pola Asociación de Veciños a Atalaia, segundo o informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 de aprobación desta Ordenanza nos seus propios termos.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

2011.03.109.-RECLAMACIÓN FORMULADA Á ORDENANZA FISCAL NÚM. T18 REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“O Sr. Alcalde manifesta que existe unha reclamación formulado durante o período de exposición pública por parte da Asociación de veciños a Atalaia. Indica tamén que existe un informe da Intervención municipal que é contrario á estimación do alegado propoñéndose polo tanto, polo Grupo Municipal do BNG a desestimación da mesma en base ao indicado no referido

informe así como a aprobación definitiva da Ordenanza tal e como está redatada no acordo aprobatorio inicial.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE do Grupo Mixto manifesta que se vai reservar para o Pleno o que se contabilizará como abstención.

Por parte do Grupo Municipal Popular a Concelleira Sra. Loredó González manifesta que se van a reservar tamén para o Pleno, o que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro do PSG-PSOE do Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A desestimación da reclamación formulada pola Asociación de Veciños a Atalaia, segundo o informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 de aprobación desta Ordenanza nos seus propios termos.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Comeza o turno de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSDG-PSOE no Grupo Mixto, quen sen entrar nas consideracións de tipo técnico que figuran no informe de Intervención, polas mesmas razóns que manifestou con anterioridade, vai votar a favor da alegación e en contra do ditame da comisión.

A continuación o Sr. Reymón Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, manifesta que mantendo a postura que manifestou con anterioridade vai apoiar a reclamación desta asociación.

De seguido intervén a Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, que manifesta que considera que se atopan na mesma situación que o grupo anterior e que Intervención informa desfavorablemente nas cuestións técnicas pero que dí que é una cuestión de oportunidade política, polo que cren que se lle debera dar unha volta a esta ordenanza como plantexa a Asociación A Atalaia, polo que van votar en contra do ditame e a favor da alegación.

O Sr. Alcalde explica que entrando en todas as consideracións técnicas que fixo a Interventora nesta alegación, eles van votar a favor do ditame, que desestima as argumentacións.

A Corporación, por 6 votos a favor (dos membros presentes do Grupo municipal do BNG) e 5 en contra (dos membros presentes do Grupo municipal Popular e dos Concelleiros do PSG-PSOE e UPRI, do Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A desestimación da reclamación formulada pola Asociación de Veciños a Atalaia, segundo o informe da Intervención municipal obrante no expediente, que se engadirá como motivación do acto, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

2º.-A elevación a definitivo do acordo plenario de 9 de novembro de 2011 de aprobación desta Ordenanza nos seus propios termos.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

2011.04.110.- RATIFICACIÓN POLO CONCELLO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL DE VIVENDA RELATIVO ÁS AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PLANS 2005-2008 E 2009-2012.

Por Secretaría dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, de data 26/12/2011, quer se transcribe de seguido:

“Obra no expediente escrito recibido o pasado 16 de decembro de 2011 no que se require a remisión de acordo de ratificación polos Concellos afectados por Areas de Rehabilitación Integral respecto do acordo da Comisión Bilateral de Vivendas e dos Plans 2005-2008 e 2009-2012, que ven motivado polo feito de que a raíz dun informe da Intgervención Xeral da Administración do Estado, o Ministerio de Fomento non pode transferir directamente aos Concellos as cantidades que tiña comprometidas, e non liquidadas, en virtude dos acordos de financiamento das areas de Rehabilitación Integral, tendo por obxecto este acordo bilateral reajustar o financiamento ministerial trasladando aos exercicios 2011, 2012 e 2013 e posibilitar así o pagamento a través da Comunidade Autónoma.

Consta igualmente informe favorable á ratificación deste acordo bilateral, de data 20 de decembro de 2011, do Arquitecto da ARI de Ribadeo, con relación ao que afecta á Area de Rehabilitación Integral de Ribadeo e Rinlo.

Intervén a Concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.González Loredó que pregunta se a ratificación se vai producir pola propia Comisión ou ten que ir a Pleno, respostándose polo Sr.Alcalde que será obxecto de acordo plenario.

De seguido o Sr.Alcalde dalle a palabra ao Arquitecto da ARI D.Carlos Longarela Sanfiz, presente na Comisión para que explique mais detalladamente o asunto, manifestando o Sr.Longarela Sanfiz que se trata da existencia de varios convenios con varias fases, algunhas das cales rematan este ano e dando conta das diferentes fases, cantidades pendentes de ingresar e demais extremos, segundo se expón no seu informe.

Intervén o Concelleiro Sr. Castro Reigosa referíndose á 5ª e 6ª fase que están executadas pero pendentes de pago, indicando que o que se fai é reestruturar o pago entre 2011 e 2012 , deliberándose entre este Concelleiro , o Arquitecto da ARI e o Sr.Alcalde sobre os pagos pendentes e outros extremos de actuacións protexidas nesta Area de Rehabilitación tanto no tocante ás de iniciativa privada como de urbanización de rúas e gastos de oficina.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE do Grupo Mixto manifesta que se trata dun asunto mais complexo e dubidoso e que se vai reservar para o Pleno, indicándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

Por parte do Grupo Municipal Popular a Concelleira Sra. Loredó González manifesta que se van a reservar tamén para o Pleno, o que se contabilizará como abstención.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (unha do Concelleiro do PSG-PSOE do Grupo Mixto e dúas dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente para a adopción de acordo polo Pleno municipal, a ratificación do acordo da Comisión Bilateral de Vivenda de referencia.”

Intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, e dí que pensa que non é o momento de entrar nos detalles que sinalaba o outro día, que se discute a proposta e outras consideracións en torno á Área de Rehabilitación Integrada do xeito de xestión. Manifesta que vai votar a favor desta modificación porque parece que é o que corresponde, aínda que una vez estudiado, noutro momento, haberá ocasión de pronunciarse.

Continúa o turno de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que vai votar a favor porque é un acordo marco necesario para levar adiante estes temas. Quere preguntar a qué van ser destinadas as cantidades que corresponden ao concello de Ribadeo que figuran nas páxinas, 26, 30, 31 e 44 de diferentes exercicios. Pregunta se se destina ás axudas ou tamén a persoal.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, intervén e explica que considera que hai tres formas de actuación: a axuda para a oficina da Área de Rehabilitación, as axudas para particulares para rehabilitación de vivendas e as axudas para urbanización. Explica que todos os convenios e as súas modificacións van a pleno previamente, polo tanto todos son acordados en pleno, as cantidades que figuran de convenios pasados xa están aprobadas e os de convenios futuros, que están pendentes de aprobar irán tamén a pleno.

O Sr. Alcalde matiza que se son de persoal, por exemplo, hai unha parte de gastos de persoal que o convenio lle endebedaba ao concello, e que tivo que ir pagando ao persoal de outros fondos, polo que agora é xusto que dean ese diñeiro que corresponde. Explica que hai outra parte de obra pública, de obras que se fixeron con cargo ao ARI que se fixeron e que están pagadas, pero que virán a satisfacer os fondos propios do concello que tivo que destinar previamente a iso ou pagarase o que poida estar pendente. Considera que, no relativo a actuacións con vivendas de particulares, preguntou na comisión informativa e o arquitecto do ARI respondeu que non había nada pendente destes convenios.

O Sr. Castro Reigosa puntualiza que sí que hai algo pendente destes convenios por parte do Ministerio, e é o que ven regular este convenio, a distribución e aportación no que contempla a aportación de 2011, 2012 e 2013. Explica que hai partes en vivendas de 2010, en rúas de 2009, e partes de financiación de persoal da oficina da Área de Rehabilitación tamén de 2009 e 2010, por parte do Ministerio, xa que os da Xunta xa foron aportados. No caso de vivendas para

particulares, a eles xa se lles fixo a aportación da Xunta e teñen pendente a aportación do Ministerio.

O Sr. Reymóndez Gancedo entende que o Ministerio aporta un 25%.

O Sr. Castro Reigosa explica que houbo modificacións en canto a aportacións polas Administracións e trátase dun 27%. Antes era o resto das Administracións un 55% e o Concello o 45%, pero agora en rúas variou e en financiación privada o concello non aporta nada.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta a súa intención de votar a favor.

Continúa o turno de intervencións a Sra. González Loredo, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que o seu grupo vai votar a favor, xa que están falando dunha suma de 471.261€, que de non ratificarse este acordo da comisión bilateral, non se cobraría. Informa que estando máis ou menos de acordo con algunhas consideracións que se fixeron, quere engadir que hai partidas de 2009 e 2010, pero tamén de 2005. Quere darlle un pequeno “tirón de orellas” ao Ministerio porque para reclamar as cantidades que se adebedan en base de aportacións dos impostos do Estado sí que apremian. Considera que a argumentación de que hai un problema de Intervención non é correcta, xa que levan pagando dende 2005. Entende que a Xunta ven a sacar as castañas do lume ao Ministerio para que poida pagar, polo que van votar a favor.

O Sr. Castro Reigosa aclara que do ano 2005 non deben nada, que foi cando se iniciaron os convenios, pero debéronse a actuacións posteriores deses convenios, que pode quedar algo pendente de 2008 en todo caso. Puntualiza que cando na Conta Xeral se fala de débedas pendentes de cobro, aquí hai un exemplo do que está pendente de pago, motivado por esta situación.

O Sr. Alcalde manifesta que ao concello só lle queda aceptar a situación, xa que é una discusión entre a Xunta e o Ministerio, e recorda que ogallá vaia ao pleno unha ratificación de algún convenio entre a Xunta e o Ministerio, como por exemplo o Plan de Infraestruturas no Medio Rural, que por desavenencias entre a Xunta e o Estado hai unha parte moi importante de diñeiro sen investir en camiños municipais. Considera que o concello poderá ter culpa ou non doutras cousas, pero neste caso non teñen nada que facer nin que dicir, máis que acordar ratificar isto antes do día 31 de decembro.

A Corporación, por unanimidade dos once membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao Ditame de referencia e consecuentemente ratificar o acordo da Comisión Bilateral de Vivenda relativo ás Areas de Rehabilitación Integrais na Comunidade Autónoma de Galicia, Plans 2005-2008 e 2009-2012.

E sen mais asuntos que tratar sendo as dez horas e cincuenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.